



**CIRCULAR INFORMATIVA 26-10-2021**

Estimados pais/nais/titores/as, queremos informarles sobre os seguintes temas:

- **SAMAÍN – MAGOSTO:** celebrarémolos o venres, 29-10-21. O alumnado pode vir disfrazado da casa empregando roupa vella “tuneada”, teñen posibilidade de vir coa cara pintada pero non deben traer complementos (caretas, espadas, vasoiras...) A merenda a traerán da casa e pode ser especial, pero non para compartir.

Degustaremos castañas asadas na aula. Lembren notificar ao titor/a alerxias ou intolerancias a este produto. Precisamos colaboración dos pais/nais para o asado na fogueira, se alguén ten dispoñibilidade pode pasar pola secretaría o venres ás 10:00 h. para iniciar a fogueira.

- **USO DAS BEIRARRÚAS:** téñense producido situacións que poden ser perigosas ao coincidir vehículos e peóns pola zona asfaltada. Pregamos o cumprimento das normas viarias e seguir as indicacións das zonas de entradas e saídas (frechas).

- **ACTIVIDADES POLAS TARDES:** na reunión de hoxe do Consello Escolar, temos previsto aprobar a continuidade das actividades polas tardes gracias á colaboración e implicación da “ANPA As Olivas”. Ademais da aula matinal e do comedor escolar que están funcionado desde o primeiro día de clase, iniciaremos, a partir do 02-11-21, inglés lúdico, predeporte, baile, teatro e aula de tarde. Está pendente de confirmar música en movemento. As familias interesadas xa fixeron a inscrición.

Luns		Martes	Mércores	Xoves	Venres
Ing. L 1º-2º	Predeporte EI	Ing L 3º-4º- 5º	Ing. L. EI	Baile EP	
Teatro EP	Aula tarde	Aula tarde	Aula tarde	Aula tarde	Aula tarde

O comedor escolar prolongará o seu horario ata as 16:00, hora de inicio das actividades propostas. De todos modos, as familias usuarias do comedor poderán seguir recollendo aos seus fillos/as á mesma hora se así o deciden.

- **RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR:** realizaremos o sorteo público para a constitución da Xunta Electoral, na que tamén hai representante das familias, o venres 29-10-21 ás 13:30 na secretaría do colexio. Informaremos puntualmente do calendario, candidaturas, votacións...

- **NATURALIZA-T:** onte, iniciamos o proxecto deste curso escolar co alumnado de primaria realizando unha busca do tesouro na que conseguiron un lote de libros para a aula, traballaron sobre a reciclaxe, a horta, a milla...

Un saúdo.

A DIRECCIÓN